



**A Sociedade da Información en Galicia  
desde unha perspectiva de xénero**

**Edición 2017**

**XUNTA DE GALICIA**

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano de publicación: 2017

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

# Índice

1. Introducción
2. A Fenda Dixital de Xénero
  - 2.1. Uso do ordenador nos últimos tres meses
  - 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses
  - 2.3. Uso diario de Internet nos últimos tres meses
  - 2.4. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses
  - 2.5. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet
3. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat
4. Conclusións

## ANEXO

# 1. INTRODUCCIÓN



## 1. Introducción

### Obxectivos

- **Analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso ás tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia**
- **Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.**

### Fontes de información:

- Enquisa Estrutural a Fogares (IGE) – Indicadores tecnoloxías-. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE). Ano 2016
- *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (TIC-H)*. INE. Ano 2016
- Indicadores de la Sociedad de la Información por género. ONTSI. Ano 2016




## 2. A FENDA DIXITAL DE XÉNERO



## 2.1 Uso do ordenador nos últimos tres meses

Uso do ordenador nos últimos tres meses segundo o sexo.




O uso de ordenador nos últimos tres meses é case catro puntos porcentuais maior entre os homes que entre as mulleres galegas, manténdose en idénticos parámetros que hai un ano.

Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

No ano 2016 a EETIC do INE non investigou o uso de ordenador, polo que non dispoñemos de datos de España.

### Uso do ordenador nos últimos tres meses por sexo e idade.




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

As diferenzas globais no grao de utilización do ordenador segundo o xénero non se distribúen igualitariamente por idades: entre os máis novos as mulleres superan aos homes no uso do ordenador, mentras que a partir dos 45 anos a tendencia cambia ata acadar a máxima diferenza (11,5 puntos) entre os galegos de 65 a 74 anos.




### Uso do ordenador nos últimos tres meses por sexo e estudos terminados




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

O nivel formativo acadado incide significativamente no diferente grao de uso do ordenador entre xéneros; a fenda dixital acentúase entre as persoas con menores niveis de ensinanza para moderarse de forma importante entre aqueles que contan cun nivel de formación máis elevado.

**EVOLUCIÓN DO INDICADOR**  
**Uso do ordenador nos últimos tres meses.**  
**Comparativa Galicia-España**  
 (% sobre persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE) - INE




Fonte: INE (non se dispón de datos do indicador para o ano 2016)

A evolución da fenda dixital de xénero en Galicia amosa unha redución lenta pero continuada, pese a terse mantido no último ano. Pola contra, a nivel estatal a evolución do indicador é a contraria ata o ano 2015 (non se recolleron datos en relación a este indicador a nivel estatal no ano 2016).

## 2.2 Uso de Internet nos últimos tres meses

Uso de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo.  
Comparativa Galicia-España (%)




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE) - INE

En relación ao uso de Internet nos últimos tres meses, os homes galegos avantaxan en 3 puntos porcentuais ás mulleres.

A fenda dixital de xénero no uso de Internet nos últimos tres meses en Galicia resulta significativamente inferior á media estatal.

O uso de Internet segundo a idade reproduce o observado respecto do uso de ordenador, evidenciándose unha ruptura dixital arredor dos 55 anos, onde se invirte a constante dun maior uso de Internet por parte das mulleres. Así, cando entre os máis novos as mulleres superan aos homes no uso de Internet, a partir dos 55 anos as distancias aumentan sensiblemente en detrimento do uso feminino da Rede, ata chegar aos 9,4 puntos porcentuais entre os galegos de 65 a 74 anos.


### Uso de Internet nos últimos tres meses por idades.



Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)


A fenda dixital de xénero segundo o nivel formativo afecta con máis intensidade ás persoas con menor nivel de estudos, para igualarse a partir da formación secundaria.

### Uso de Internet nos últimos tres meses por sexo e estudos terminados.



Estudantes e ocupadas son grupos laborais que rexistran unha menor fenda dixital de xénero, mentras que entre as persoas non ocupadas as diferenzas son moi significativas. As mulleres pensionistas non xubiladas xunto coas adicadas ás tarefas do fogar son as máis afectadas polas diferenzas de sexo á hora do acceso á Rede.

### Uso de Internet nos últimos tres meses por sexo e situación laboral.




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)


## EVOLUCIÓN DO INDICADOR

### Uso de Internet nos últimos tres meses. Comparativa Galicia-España

(% sobre persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE) - INE



Fonte: INE


A fenda de xénero no uso de Internet reduciuse en Galicia no último ano de forma importante (0,8 puntos porcentuais). Sin embargo, a nivel estatal incrementóse nun 0,7 puntos porcentuais.



A fenda dixital de xénero no uso de Internet en Galicia (3 puntos) sitúase en valores inferiores aos da UE28 (4 puntos) pero ao mesmo nivel de países como Alemaña ou Bélxica.

Diferenza entre homes e mulleres que empregaron Internet nos últimos tres meses (puntos porcentuais)

Uso de Internet				
Individuos que empregaron internet nos últimos tres meses				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Dinamarca	98	96	97	-2
Luxemburgo	96	99	97	3
Noruega	97	97	97	0
Reino Unido	95	95	95	0
Finlandia	95	93	94	-2
Países Baixos	93	93	93	0
Suecia	93	93	93	0
Alemaña	88	91	90	3
Bélxica	85	88	87	3
Estonia	87	87	87	0
Francia	86	86	86	0
Austria	81	88	84	7
Irlanda	83	81	82	-2
República Checa	82	83	82	1
UE 28	80	84	82	4
España	79	83	81	4
Eslovaquia	79	82	80	3
Letonia	79	81	80	2
Hungría	78	80	79	2
Malta	77	77	77	0
Chipre	74	77	76	3
Eslovenia	74	77	75	3
Galicia	72,5	75,5	74	3
Lituania	75	74	74	-1
Croacia	69	77	73	8
Polonia	73	74	73	1
Macedonia	71	74	72	3
Portugal	69	72	70	3
Grecia	67	71	69	4
Italia	66	72	69	6
Rumania	57	62	60	5
Bulgaria	59	60	59	1




Países con maior fenda de xénero na UE28: Croacia: 8 puntos; Austria: 7 puntos; Italia: 6 puntos.

Países con menor fenda de xénero na UE28: Dinamarca, Finlandia e Irlanda: -2 puntos ; Lituania: -1 punto.

## 2.3 Frecuencia de uso de Internet

Uso diario de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo.  
Comparativa Galicia-España (%)




A frecuencia no uso diario de Internet resulta moi similar entre homes e mulleres, independentemente de considerar como ámbito a nosa Comunidade autónoma ou o conxunto do Estado.

Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE) – INE

Nota: Sobre as persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

### Uso diario de Internet nos últimos tres meses por idades.




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

Nota: Sobre as persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

A idade marca unha diferenza no uso diario absoluto da Rede nos grupos de idade inferiores aos 55 anos, sen que se poida apreciar diferenzas significativas na frecuencia diaria de uso ata os grupos de idade máis elevados.

As diferenzas no uso diario de Internet segundo o nivel formativo e o xénero non amosan unha tendencia homoxénea, de modo que as maiores distancias prodúcense entre os que cursaron a segunda etapa de ESO e unha Diplomatura.

### Uso diario de Internet nos últimos tres meses por sexo e estudos terminados.




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

Nota: Sobre as persoas aue utilizaron Internet nos últimos tres meses

Entre os estudantes, as persoas en alta laboral e as persoas con discapacidade, o uso diario de Internet é máis elevado entre as mulleres que entre os homes

### Uso diario de Internet nos últimos tres meses por sexo e situación laboral.




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

Nota: Sobre as persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

## 2.4. Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo (%)



As compras por Internet nos últimos tres meses entre os homes galegos superan en dous puntos porcentuais ás das mulleres.


No conxunto do Estado esta fenda nas compras electrónicas sitúase en 6,1 puntos porcentuais.

Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)- INE

Nota: En Galicia, sobre as persoas que utilizaron Internet algunha vez

As mulleres novas, por debaixo dos 34 anos, empregan o comercio electrónico en maior medida que os homes, para distanciarse en favor dos homes a medida que se incrementa a idade. Pese a todo, a fenda dixital entre os maiores de 45 anos non é tan significativa como noutros indicadores.

### Uso do comercio electrónico nos últimos tres meses por idades.




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

Nota: Sobre as persoas que utilizaron Internet algunha vez



As diferencias na práctica do comercio electrónico por parte da poboación galega non son demasiado diferentes en función da ocupación. Tan só xubilados, pensionistas e incapacitados adoitan ter costumes algo diferentes entre homes e mulleres, se ben a compra en liña en xeral acada valores baixos nestes grupos de poboación.

**Uso de comercio electrónico nos últimos tres meses por sexo e situación laboral.**




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

Nota: Sobre as persoas que utilizaron Internet algunha vez

## 2.5 Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses, segundo o sexo



Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses.


Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

No relativo á utilización de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas non se observa fenda de xénero, incluso son as mulleres internautas galegas as que usan en maior medida Internet para realizar diferentes accións coas AAPP.

Aínda que a media europea non reflexa fenda dixital de xénero na interacción coas Administracións Públicas a través de Internet para obter información no conxunto dos países, destaca Turquía cunha significativa fenda de 10 puntos.

Uso de internet para a obtención de información				
Individuos que empregaron internet para a búsqueda de información				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Dinamarca	88	88	88	0
Letonia	85	80	83	-5
Finlandia	84	81	82	-3
Noruega	78	81	79	3
Suecia	80	76	78	-4
Países Baixos	74	78	76	4
Estonia	76	75	75	-1
<b>Galicia</b>	<b>67</b>	<b>67</b>	<b>67</b>	<b>0</b>
Grecia	61	66	64	5
Austria	60	64	62	4
Alemaña	58	60	59	2
Portugal	56	61	59	5
<b>España</b>	<b>56</b>	<b>60</b>	<b>58</b>	<b>4</b>
Lituania	59	55	58	-4
Luxemburgo	54	59	56	5
Hungría	57	56	56	-1
Francia	57	51	54	-6
Eslovaquia	52	55	53	3
Eslovenia	56	51	53	-5
Bélxica	51	54	52	3
Malta	54	48	51	-6
<b>UE 28</b>	<b>50</b>	<b>50</b>	<b>50</b>	<b>0</b>
Irlanda	46	52	49	6
Chipre	48	47	47	-1
Croacia	45	47	46	2
Reino Unido	44	45	44	1
República Checa	40	40	40	0
Polonia	31	29	30	-2
Italia	27	28	27	1
Bulgaria	26	22	24	-4
Macedonia	18	20	19	2
Rumania	12	12	12	0

Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para obter información (puntos porcentuais)




Países con maior fenda de xénero na UE28: Irlanda: 6 puntos; Portugal, Luxemburgo e Grecia: 5 puntos

Países con menor fenda de xénero na UE28: Francia e Malta: -6 puntos

No que se refire á interacción coas Administracións Públicas a través de Internet para descargar formularios, Galicia sitúase entre os países onde as mulleres avantan aos homes neste indicador.

**Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para descargar formularios (puntos porcentuais)**

Persoas que baixaron formularios				
Individuos que empregaron internet para a descargar de formularios				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Finlandia	68	67	67	-1
Luxemburgo	60	65	65	5
Noruega	61	63	63	2
<b>Galicia</b>	<b>60</b>	<b>59</b>	<b>60</b>	<b>-1</b>
Dinamarca	53	55	55	2
Países Baixos	46	51	51	5
Suecia	46	48	48	2
Estonia	47	47	47	0
Irlanda	43	46	46	3
<b>España</b>	<b>44</b>	<b>45</b>	<b>45</b>	<b>1</b>
Francia	45	43	43	-2
Austria	40	41	41	1
Malta	36	38	38	2
Grecia	36	38	38	2
Eslovenia	38	37	37	-1
Chípre	38	37	37	-1
Hungría	37	36	36	-1
Alemaña	33	35	35	2
<b>UE 28</b>	<b>34</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>1</b>
Portugal	32	35	35	3
Lituania	34	34	34	0
Croacia	35	34	34	-1
Bélxica	30	33	33	3
Reino Unido	31	32	32	1
Eslovaquia	28	28	28	0
Turquía	24	27	27	3
Polonia	26	25	25	-1
Italia	23	23	23	0
Letonia	23	21	21	-2
República Checa	18	19	19	1
Bulgaria	17	15	15	-2
Macedonia	11	10	10	-1
Rumania	7	7	7	0



**Países con maior fenda de xénero na UE28: Países Baixos e Luxemburgo: 5 puntos; Irlanda, Portugal, Bélxica e Turquía: 3 puntos**


**Países con menor fenda de xénero na UE28: Francia, Letonia e Bulgaria: -2 puntos**

**Galicia ocupa a cuarta posición europea en relación ao uso de Internet para enviar formularios cumprimentados, acusando unha fenda dixital negativa, -2 puntos en favor dun maior uso feminino deste recurso.**

**Diferenza entre homes e mulleres que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para enviar formularios (puntos porcentuais)**

Persoas que descargaron formularios				
Individuos que empregaron internet para a descargar de formularios				
	Muller	Home	Total	Diferenza
Finlandia	68	67	67	-1
Luxemburgo	60	65	65	5
Noruega	61	63	63	2
<b>Galicia</b>	<b>60</b>	<b>59</b>	<b>60</b>	<b>-1</b>
Dinamarca	53	55	55	2
Países Baixos	46	51	51	5
Suecia	46	48	48	2
Estonia	47	47	47	0
Irlanda	43	46	46	3
España	44	45	45	1
Francia	45	43	43	-2
Austria	40	41	41	1
Malta	36	38	38	2
Grecia	36	38	38	2
Eslovenia	38	37	37	-1
Chipre	38	37	37	-1
Hungría	37	36	36	-1
Alemaña	33	35	35	2
UE 28	34	35	35	1
Portugal	32	35	35	3
Lituania	34	34	34	0
Croacia	35	34	34	-1
Bélxica	30	33	33	3
Reino Unido	31	32	32	1
Eslovaquia	28	28	28	0
Polonia	26	25	25	-1
Italia	23	23	23	0
Letonia	23	21	21	-2
República Checa	18	19	19	1
Bulgaria	17	15	15	-2
Macedonia	11	10	10	-1
Rumania	7	7	7	0

(puntos porcentuais)




**Países con maior fenda de xénero na UE28: Países Baixos: 10 puntos; Bélxica e Luxemburgo: 6 puntos**

**Países con menor fenda de xénero na UE28: Letonia: -6 puntos**



### 3. A FENDA DIXITAL DE XÉNERO SEGUNDO O HÁBITAT




### A fenda dixital de xénero desde un punto de vista territorial

Neste capítulo analízase a influencia do hábitat no distinto uso das TIC entre homes e mulleres, estudando os indicadores anteriores segundo as seguintes variables xeográficas:

- Provincia
- Tamaño de hábitat
- Áreas comarcais
- Sete concellos con maior poboación de Galicia




### Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses por xénero e provincia



Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

As desigualdades de xénero no uso do ordenador son menos notorias na provincia de Ourense, onde as mulleres superan aos homes no uso do ordenador. Pola contra, é a de Pontevedra a provincia que acada maiores distancias entre homes e mulleres no uso deste dispositivo.


### Persoas que utilizaron ordenador nos últimos tres meses por xénero e hábitat



Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)


Se atendemos ao tamaño do hábitat cabe salientar que é nos núcleos semiurbanos e urbanos onde a fenda de xénero é máis significativa, descendendo en termos xerais a medida que o fai o tamaño da poboación da poboación de residencia.

## Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses por xénero e áreas comarcais



Nas áreas comarcais de Ourense Central, O Carballiño- Ribeiro e Ourense Sur o uso do ordenador é maior entre as mulleres que entre os homes.


### Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses por xénero nos sete grandes concellos de Galicia



Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

Dos sete grandes concellos de Galicia destacan A Coruña e Vigo coa fenda máis ampla. Pontevedra e Ferrol son os grandes concellos onde as diferenzas no uso de ordenador entre homes e mulleres son máis reducidas.


### Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e provincia



Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

Ourense é a provincia galega que presenta un uso máis igualitario de Internet entre homes e mulleres. No extremo oposto atopamos a provincia de Pontevedra, onde a diferenza no uso da Rede entre xéneros é de 4,7 puntos.

### Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e hábitat




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

As diferencias no uso de Internet entre homes e mulleres acentúanse a medida que crece a poboación de residencia, e moi especialmente nas vilas galegas de 20 a 50 mil habitantes, onde achega o máximo de 5,4 puntos porcentuais de diferenza en favor dos homes.

## Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e áreas comarcais

+


### MULLERES



O Morrazo é a área que amosa unha distancia máis grande entre o uso de Internet por parte dos homes ou das mulleres: 13 puntos porcentuais. Pola contra, A Coruña suroriental e Ferrol-Eume-Ortegal son áreas territoriais onde non se observan diferenzas no uso de Internet nos últimos tres meses segundo o xénero.



**Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses por xénero e nos sete grandes concellos de Galicia**




Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

A fenda dixital de xénero no uso de Internet presenta a maior diferenza na cidade da Coruña, onde acada os 6,6 puntos porcentuais. Non obstante, é na cidade de Ferrol onde a fenda é incluso negativa, superando as mulleres aos homes no uso de Internet en 4,3 puntos porcentuais.



### Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e provincia




Base: Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet algunha vez

Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

A práctica do comercio electrónico nos últimos tres meses é superior entre as mulleres residentes na provincia de Lugo, mentras que a fenda de xénero mais acusada neste indicador atopámola na provincia de Pontevedra, con 4,4 puntos en favor dos homes.

### Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e hábitat




Base: Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet algunha vez

Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)


As vilas galegas cunha poboación de 20 a 50 mil habitantes son as que presentan maiores diferenzas segundo o xénero na práctica do comercio electrónico, achegándose a 4 puntos porcentuais. Pola contra, nos concellos de poboación inferior aos 5 mil habitantes, non existe diferenza.

## Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses por xénero e áreas comarcais



A análise da fenda de xénero por áreas comarcais indícanos especiais diferenzas nas compras on line nas áreas de Pontevedra e Vigo, onde a diferenca entre homes e mulleres na compra por Internet supera os 5 puntos porcentuais.

## Persoas que adquiriron algún ben ou servizo nos últimos tres meses por xénero e nos sete grandes concellos de Galicia



Base: Persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet algunha vez

Fonte: EEF 2016 (OSIMGA + IGE)

As diferenzas noas compras en liña entre as grandes cidades galegas son notables. Salientar a práctica equiparación entre xéneros nas cidades da Coruña, Ferrol e Lugo. Pola contra, as maiores diferenzas prodúcense en Pontevedra e Santiago.

# 4. CONCLUSIONES





**O uso de ordenador** nos últimos tres meses é case catro puntos porcentuais maior entre os homes que entre as mulleres galegas, manténdose en idénticos parámetros que hai un ano. A evolución da fenda dixital de xénero en Galicia en relación a este indicador amosa unha redución lenta pero continuada, pese a terse mantido no último ano.

En relación ao **uso de Internet nos últimos tres meses**, os homes galegos avantaxan en 3 puntos porcentuais ás mulleres. A fenda dixital de xénero neste indicador en Galicia (3 puntos) resulta significativamente inferior á media estatal (3,9 puntos), e reduciuse en 0,8 puntos porcentuais en Galicia no último ano de forma mentres que a nivel estatal incrementouse en 0,7 puntos porcentuais.

A fenda dixital de xénero no uso de Internet en Galicia (3 puntos) sitúase en valores inferiores aos da UE28 (4 puntos) pero ao mesmo nivel de países como Alemaña ou Bélxica.

O uso de Internet segundo a idade reproduce o observado respecto do uso de ordenador, evidenciándose unha ruptura dixital arredor dos 55 anos, onde se invirte a constante dun maior uso de Internet por parte das mulleres. Así, cando entre os máis novos as mulleres superan aos homes no uso de Internet, a partir dos 55 anos as distancias aumentan sensiblemente en detrimento do uso feminino da Rede, ata chegar aos 9,4 puntos porcentuais entre os galegos de 65 a 74 anos.

**As compras por Internet** nos últimos tres meses entre os homes superan en dous puntos porcentuais ás das mulleres. No conxunto do Estado a fenda nas compras electrónicas acada os 6,1 puntos porcentuais. Non obstante, estas diferenzas non son homoxéneas segundo a idade: as mulleres novas, por debaixo dos 34 anos, empregan o comercio electrónico en maior medida que os homes, para distanciarse en favor dos homes a medida que se incrementa a idade. Pese a todo, a fenda dixital entre os maiores de 45 anos non é tan significativa como noutros indicadores.

No relativo á **utilización de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas** non se observa fenda de xénero, incluso son as mulleres internautas galegas as que usan en maior medida Internet para realizar diferentes accións coas AAPP.

Comparativamente co entorno europeo, Galicia atópase nos primeiros postos en canto á diminución da fenda nas relacións coas Administracións Públicas, desaparecendo no caso do uso de Internet para relacionarse coas AAPP para obter información, ou incluso volvéndose negativa a favor das mulleres se nos detemos na descarga ou envío de formularios ás AAPP.

